

3.6.

outros indicadores de benestar social

Tras analizar nos capítulos anteriores a cobertura e o financiamento das prestacións sociais e sanitarias, a educación e o medio ambiente, o obxectivo deste capítulo é analizar diferentes indicadores de benestar social que determinan outros aspectos da calidade de vida. Os tres ámbitos considerados para a súa avaliación son o consumo, a vivenda, a cultura e o ocio.

Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estudan, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible, a partires dos datos facilitados polo Funcas, e pola outra, os datos da protección ao consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo (IGC), e a actividade dos colexios arbitraris da Xunta de Galicia.

·Renda familiar bruta dispoñible

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispoñible, que indica o poder de compra das familias. No ano 2006, esta variable ascendeu en Galicia a 38.687,3 millóns de euros, un 7,5% máis que no ano anterior, o que representa o 5,5% da renda familiar bruta dispoñible no conxunto do Estado.

En termos relativos, a renda familiar bruta (en poder de compra) por habitante acadou en Galicia no último ano os 11.004 euros, 368 euros máis que no ano 2000. Comparado coa media española, o **cadro 1.6.3**. [*Renda familiar bruta en poder de compra nas CC.AA. 2000-06*] reflicte que a renda familiar galega representa o 89,2% do seu valor medio (España = 100), o que supón unha medra de seis décimas en relación á situación de 2000.

·Protección ao consumidor

O volume total de consultas atendidas polo Instituto Galego de Consumo (IGC) ao longo do ano 2006 medrou un 31,6% respecto ao ano anterior, acadando as 26.966 consultas. O número de reclamacións medrou dun xeito máis moderado, un 11,1%, situándose nas 15.730 reclamacións.

A telefonía (móbil, fixa e internet) segue sendo a actividade con maior número de solicitudes de información e reclamacións atendidas, ao acoller máis da quinta parte das consultas e reclamacións. No caso das solicitudes de información, séguelle en importancia, ao igual que en

Indicadores da vivenda en Galicia e España 2005-06

	2005		2006	
	Galicia	España	Galicia	España
Estimación parque de vivendas	1.437.554	23.210.317	1.470.805	23.859.024
Vivenda principal	970.605	15.884.170	981.733	16.353.723
Propiedade	854.927	13.807.132	866.055	14.273.883
Aluguer	93.922	1.787.140	94.543	1.799.455
Cesión	21.756	289.898	21.135	280.385
Vivenda non principal	466.949	7.326.147	489.072	7.505.301
Construción de vivendas libres				
Vivendas iniciadas	35.739	635.608	38.246	664.924
Variación interanual (%)	15,2	2,3	7,0	4,6
Vivendas terminadas	29.448	528.754	29.998	597.632
Variación interanual (%)	0,4	3,8	1,9	13,0
Const. vivendas protexidas				
Total vivendas protexidas iniciadas	2.666	80.427	4.241	95.255
Variación interanual (%)	-31,6	15,3	59,1	18,4
Total vivendas protexidas terminadas	3.050	61.877	3.292	60.358
Variación interanual (%)	-6,9	11,2	7,9	-2,5
Prezo medio da vivenda libre (€/m ²)	1.210,20	1.761,00	1.394,98	1.944,28
Variación interanual (%)	14,5	14,0	15,3	10,4
Prezo medio da vivenda protexida (€/m ²)	845,15	926,40	936,10	997,23
Variación interanual (%)	1,3	7,3	10,8	7,6

Fonte: Ministerio de Vivienda

3.6.1.

2005, as correspondentes á vivenda, con 2.498 consultas (9,3%) e venda e reparacións de automóbil, con 1.784 consultas (6,6%). No concenrente ao número de reclamacións, tralas queixas de telefonía, con 3.600 reclamacións (o 22,9% do total), sitúanse os servizos de venda e reparacións de automóviles, con 1.243 reclamacións (o 7,9%) e o transporte aéreo, con 1.119 queixas (7,1%).

A diferenza do acontecido coas consultas e reclamacións, o maior número de actuacións de inspección realizáronse no caso dos produtos industriais. Das 42.717 actuacións desenvolvidas, un 37,2% máis que no exercicio anterior, o 84% corresponde a produtos industriais.

O IGC incluíu na rede de alerta un total de 56 produtos que supuñan risco grave para o consumidor (o 11,5% dos produtos incorporados en 2006 á rede estatal), dos que 26 corresponden a produtos de material eléctrico e 23 a xoguetes. No ano anterior, o número de produtos incluídos foi de 18 (o 4,3% dos produtos en España).

Derivado dos produtos incluídos na rede de alerta, os servizos de inspección do IGC realizaron un total de 37.700 actuacións (o 88,3% das realizadas polos servizos de inspección e un 43,7% máis que en 2005) encamiñadas á localización, intervención cautelar e/ou retirada dos produtos do mercado nos supostos nos que existía ou se prevía un risco para a saúde ou seguridade dos usuarios.

No que a vía arbitral como sistema de resolución de conflitos se refire, ao longo do ano 2006 rexistrouse unha medra do 14,5% no número de solicitudes arbitrais presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia. Das 6.287 solicitudes presentadas, 1.397 (o 22,2%), tiveron que ser arquivadas debido á non aceptación da vía por parte do empresario, e 202 arquiváronse por outras causas. Os colexios arbitrais resolveron por mediación, ao longo do ano 2006, un total de 1.001 reclamacións (2.251 reclamacións en 2005).

As actividades máis importantes, en canto ao número de solicitudes presentadas se refire, foron as da telefonía, con 3.095, e as de aparellos electrónicos, con 387 solicitudes. En termos relativos, a telefonía acolle o 49,2% das solicitudes presentadas fronte ao 6,2% das actividades de aparellos electrónicos.

Os diferentes colexios arbitrais ditaron en 2006 un total de 2.169 laudos. O período medio de resolución, o 23,9% dos laudos ditáronse nun prazo inferior a un mes e un 62,1%, entre un e dous meses. Tan só un 0,1% dos laudos presentou unha resolución superior aos catro meses.

Hipotecas de viviendas urbanas en Galicia e España 2005-06: viviendas constituídas e importe medio

	Hipotecas constituídas			Importe medio		
	2005	2006	06/05	2005	2006	06/05
	(en miles de €)					
Galicia	44.156	42.921	-2,8	99,5	111,6	12,2
A Coruña	18.728	18.304	-2,3	100,1	110,0	9,9
Lugo	4.632	3.228	-30,3	78,4	89,0	13,5
Ourense	3.620	4.314	19,2	93,4	101,0	8,1
Pontevedra	17.176	17.075	-0,6	105,9	121,0	14,3
España	1.232.973	1.324.522	7,4	124,5	140,0	12,4
Galicia / España	3,6	3,2		79,9	79,7	

Fonte: Fundación Caixagalicia, A economía galega. Informe 2006

○ 3.6.2.

Accesibilidade á vivenda en Galicia e España 2005-06

	2005		2006	
	Galicia	España	Galicia	España
Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda	7,7	9,4	8,6	10,1
Proporción de renda familiar que hai que pagar por un crédito de 25 anos	(%)			
Un salario	36,3	44,6	44,6	52,7
Salario ponderado	22,7	29,7	27,9	35,1

Fonte: Fundación Caixagalicia, A economía galega. Informe 2006

○ 3.6.3.

Vivenda

Tendo en conta que o [capítulo 1.2 Producción](#) ten un apartado dedicado á construción, onde se analizan os aspectos da oferta de vivenda en Galicia, neste capítulo faise especial mención aos principais indicadores da demanda de vivendas.

A modo de síntese pódese salientar que a actividade no mercado de vivenda volveu a experimentar un crecemento no ano 2006. O número de vivendas iniciadas en Galicia rexistrou unha medra do 10,6% respecto ao acontecido no ano anterior (case catro puntos porcentuais e medio por riba da media española), situándose nas 42.487 vivendas. Este maior crecemento en relación ao conxunto do Estado ven motivado tanto polo incremento do número de vivendas libres como protexidas, xa que en ambos os dous casos, **cadro 3.6.1.**, a súa taxa de crecemento é superior á estatal.

Pola contra, o número de vivendas rematadas en Galicia presenta no último ano unha medra do 2,4% en relación ao ano 2005, moi por baixo da media estatal, que se sitúa no 11,4%. A pesar deste forte diferencial cómpre salientar que no último ano o número de vivendas de protección oficial rematadas en Galicia medrou un 7,9%, descendendo un 2,5% en España. No ano 2006 termináronse en Galicia un total de 32.090 vivendas, o 5,1% das rematadas en España.

Centrándose nos principais **indicadores da demanda** de vivenda en Galicia, **cadro 3.6.2.**, o encarecemento do crédito hipotecario reflectiuse nun novo descenso do número de hipotecas constituídas. Mentres que no conxunto do Estado o número de hipotecas medrou un 7,4% en relación ao ano 2005, en Galicia, tras unha caída do 2,8% en relación ao ano precedente, constituíronse un total de 42.921 hipotecas sobre vivendas en leiras urbanas, o 3,2% do total estatal.

Tan só a provincia de Ourense experimentou unha medra do número de hipotecas constituídas, cun 19,2% máis que no ano anterior, rexistrándose os maiores descensos en Lugo, cunha caída do 30,3%. En A Coruña, esta caída foi do 2,3% en tanto que en Pontevedra, foi do 0,6%.

O importe medio da hipoteca en Galicia ascendeu no último ano a 111.600 euros, o que

Producción editorial nas CC.AA. 2005-06: títulos e exemplares

	Total		Exemplares (1)		Libros		Folleto		Exemplares (1)			
	Títulos		2005		2006		Títulos		2005		2006	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006	2005	2006	2005	2006	2005	2006
Andalucía	5.091	5.641	6.441	7.904	4.542	5.084	5.471	6.632	549	557	970	1.272
Aragón	1.633	1.468	5.127	4.221	1.364	1.209	4.458	3.578	269	259	669	643
Asturias	1.105	1.110	2.618	2.812	891	865	2.324	2.292	214	245	294	520
Baleares	789	1.081	1.178	1.662	611	900	936	1.368	178	181	242	294
Canarias	955	1.050	1.036	1.115	836	945	841	986	119	105	195	129
Cantabria	440	474	653	842	355	414	570	724	85	60	83	118
Castela e León	2.717	2.725	7.020	6.160	2.283	2.378	4.382	4.732	434	347	2.638	1.428
Castela - A Mancha	849	783	1.180	1.107	721	698	988	992	128	85	192	115
Cataluña	17.899	18.384	100.244	105.689	15.150	15.676	79.234	83.219	2.749	2.708	21.010	22.470
C. Valenciana	3.536	3.696	4.874	5.705	2.929	3.085	4.093	4.944	607	611	781	761
Extremadura	527	490	492	485	449	447	423	437	78	43	69	48
Galicia	2.014	2.444	3.690	4.502	1.659	2.046	3.192	3.855	355	398	498	647
Madrid	21.763	22.629	133.931	101.468	17.794	19.316	122.874	92.066	3.969	3.313	11.057	9.402
Murcia	565	630	466	634	453	547	363	561	112	83	103	73
Navarra	1.020	1.107	6.194	5.608	922	1.026	2.693	5.408	96	81	3.501	200
Pais Vasco	2.460	2.360	5.613	5.573	2.039	1.920	4.393	4.456	421	440	1.220	1.117
Rioxa	162	169	219	214	142	151	173	190	20	18	46	24
Ceuta e Melilla	26	29	29	20	15	28	18	20	11	1	11	-
Total	63.551	66.270	281.005	255.721	53.155	56.735	237.426	216.460	10.396	9.535	43.579	39.261

(1) exemplares en miles

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

Producción editorial 2005-06: distribución segundo o idioma da publicación

	Títulos publicados			Nº de exemplares		
	2005	2006	06/05 (%)	2005 (miles)	2006 (miles)	06/05 (%)
Castelán	49.566	51.858	4,6	238.053	213.154	-10,5
Catalán, valenciano e balear	7.058	7.079	0,3	18.783	19.758	5,2
Galego	1.165	1.406	20,7	2.638	3.243	22,9
Euskera	909	962	5,8	1.816	2.204	21,4
Dous ou máis idiomas nacionais	-	663	-	-	1.602	-
Outros idiomas ou dialectos nacionais	120	109	-9,2	87	78	-10,3
Alemán	137	131	-4,4	668	524	-21,6
Francés	355	313	-11,8	2.520	2.553	1,3
Inglés	1.193	1.178	-1,3	3.986	3.542	-11,1
Outros idiomas estranxeiros	800	937	17,1	7.678	5.099	-33,6
En dous ou máis idiomas	2.248	1.634	-27,3	4.777	3.962	-17,1
Total títulos publicados	63.551	67.113	5,6	281.006	260.246	-7,4

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

3.6.5.

supuxo un incremento do 12,1% en relación ao ano anterior. Os datos do INE reflicten un menor aumento que o rexistrado de media en España, onde tras un crecemento do 12,6%, a hipoteca media ascende a 140.000 euros.

Os maiores incrementos rexistráronse en Pontevedra e Lugo, con taxas en torno ao 14%, mentres que Ourense presenta o menor incremento, cun 7,7%, e en A Coruña o importe medio medrou un 9,6% en relación ao ano precedente.

Fronte a este menor crecemento dos prezos en Galicia reflectido polo INE, os datos do Ministerio de Vivenda indican que a vivenda galega caracterizouse polo seu maior carácter inflacionista, converténdose nunha das comunidades autónomas con maior encarecemento. No ano 2006, o prezo medio da vivenda libre medrou un 15,3% en relación ao ano 2005, sendo esta taxa de variación interanual do 10,8% no caso da vivenda protexida. No conxunto do Estado estas porcentaxes situáronse no 10,4% e 7,6%, respectivamente.

Este incremento dos prezos reflectidos polo Ministerio provocan tanto o deterioro das posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade como unha redución da vantaxe de accesibilidade existente en Galicia en relación á media estatal.

Dunha banda, o custo dunha vivenda de 100 metros cadrados para unha familia media galega supón, en 2006, oito anos e medio o seu salario bruto. A pesar de que esta ratio é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado (10,1 anos), a maior inflación da vivenda galega fai que estas diferenzas se reduzan nos últimos anos.

Doutra, como indican os datos do **cadro 3.6.3.** o devandito encarecemento provocou que para unha familia media perceptora dun só salario, o pago das cotas da hipoteca significa unha carga do 44,6% dos seus salarios brutos, oito puntos menos que no conxunto do Estado. Se se corrixen os ingresos pola media de salarios percibidos pola unidade familiar, estas porcentaxes serían do 27,9% en Galicia e do 35,1%, en España.

Cultura e ocio

A produción editorial total en Galicia no ano 2006 ascendeu a 2.444 títulos, un 21,4% máis que no ano anterior, sendo a súa tirada media de 1.842 exemplares por título, fronte ós 1.842 exemplares do ano 2005. Comparado co total estatal, Galicia acolleu no último ano o 3,7% dos títulos publicados, medio punto porcentual menos que no ano precedente, e o 1,8% do total de exemplares (1,3% en 2005).

A diferenza do rexistrado en 2005, ao longo do ano 2006 a produción editorial en galego

Nº de títulos e exemplares traducidos 2005-06: distribución segundo idioma orixinal

	Títulos			Exemplares		
	2005	2006	06/05 (%)	2005 (miles)	2006 (miles)	06/05 (%)
Castelán	935	1.021	9,2	3.303	3.086	-6,6
Catalán, valenciano e balear	350	249	-28,9	847	846	-0,1
Galego	63	46	-27,0	190	241	26,8
Euskera	66	31	-53,0	160	133	-16,9
Dous ou máis idiomas nacionais		15			26	
Outros idiomas ou dialectos nacionais	3	4	33,3	9	11	22,2
Alemán	801	696	-13,1	4.551	4.891	7,5
Francés	1.363	1.125	-17,5	17.057	5.733	-66,4
Inglés	5.943	6.321	6,4	44.743	46.802	4,6
Outros idiomas estranxeiros	1.367	1.286	-5,9	7.232	8.392	16,0
En dous ou máis idiomas	97	83	-14,4	204	1.457	614,2
Total títulos publicados	10.988	11.595	5,5	78.296	74.868	-4,4

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

3.6.6.

Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 2006

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
	(%)						
Andalucía	33,1	13,0	41,6	52,7	91,8	4,6	17,8
Aragón	46,6	33,5	52,3	58,8	90,5	4,6	23,2
Asturias	59,4	42,0	54,3	60,0	89,1	4,9	24,4
Baleares	48,6	26,0	56,2	52,6	84,4	6,1	24,4
Canarias	40,5	22,5	56,7	52,5	84,9	6,1	25,8
Cantabria	47,1	41,2	38,1	59,4	86,1	6,3	20,0
Castela e León	43,9	30,2	49,9	60,9	89,3	5,9	18,9
Castela-A Mancha	27,5	18,2	46,4	51,8	90,4	4,9	17,5
Cataluña	45,6	24,1	51,0	55,1	87,7	7,9	27,8
C.Valenciana	32,8	18,1	45,8	55,4	87,9	6,1	19,5
Extremadura	30,0	11,1	35,9	44,4	93,3	3,1	10,2
Galicia	52,1	34,4	49,2	55,8	87,9	4,5	18,2
Madrid	45,2	32,1	51,5	61,3	86,9	7,3	28,3
Murcia	31,8	17,9	40,8	53,9	86,8	5,9	17,1
Navarra	61,5	45,6	47,1	59,0	87,2	8,0	21,2
País Vasco	57,4	47,9	43,0	62,2	87,9	5,5	26,4
A Ríoxa	46,4	34,5	53,7	59,4	88,2	13,6	18,9
Total	41,8	25,4	47,7	56,1	88,6	6,0	22,2

(1) audiencia acumulada diaria

(2) polo menos unha vez na última semana

(3) usuarios no último mes

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

3.6.7.

medrou de xeito considerable (20,7% en relación aos publicados no ano anterior), acadando os 1.406 títulos (o 2,1% dos títulos publicados no conxunto do Estado). Este incremento leva asociado un incremento do 22,9% no número de exemplares no idioma galego, que se sitúan nos 3.243 miles de exemplares (o 1,2% do conxunto do Estado). Da produción editorial total en España (67.113 títulos publicados), o **cadro 3.6.5.** reflicte que se editan en castelán o 77,3% dos títulos, un 10,5% en catalán, valenciano e balear e un 1,4% en euskera.

No último ano descendeu o número de títulos e exemplares traducidos do galego. En 2006 traducíronse un total 46 libros (17 menos que no ano anterior), sendo o número de exemplares de 241 miles (190 miles de exemplares en 2005).

Respecto á prensa escrita, os dous principais xornais galegos volven a presentar unha lixeira caída da súa tirada e difusión. Dunha banda, La Voz de Galicia, principal xornal galego pola súa tirada (118.209 exemplares diarios) e difusión (103.112 exemplares), é o oitavo diario de información xeral en importancia a nivel estatal. Séguelle en importancia Faro de Vigo, cunha tirada de 48.448 exemplares e unha difusión de 41.044 exemplares (fonte: OJD).

Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 2004-06

	2004		2005		2006	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión	Radio	Televisión
	<i>(media de minutos sobre o total da poboación)</i>					
Andalucía	111	261	100	244	103	248
Aragón	116	229	111	225	130	228
Asturias	122	250	109	221	115	235
Baleares	131	239	103	236	112	208
Canarias	111	213	107	207	104	196
Cantabria	132	220	133	202	116	194
Castela e León	119	248	115	223	116	216
Castela - A Mancha	98	246	114	247	114	259
Cataluña	112	228	110	219	110	221
C. Valenciana	116	250	113	222	113	224
Extremadura	93	260	99	247	87	238
Galicia	103	215	89	190	100	194
Madrid	121	234	123	213	129	215
Murcia	117	227	101	196	96	193
Navarra	119	246	117	195	118	226
País Vasco	135	221	122	208	113	196
A Rioxa	117	231	131	230	124	207
Total	115	239	110	222	112	222

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

○ 3.6.8.

No caso dos medios de comunicación escritos, diarios, suplementos e revistas, Galicia presenta un maior grao de penetración que no conxunto do Estado. O **cadro 3.6.7.** reflicte que Galicia é a cuarta comunidade con maior penetración no caso dos diarios e a sexta no caso dos suplementos, mentres que ocuparía o noveno lugar no que ás revistas se refire.

·Os medios audiovisuais

Ao longo do ano 2006 medra a porcentaxe de persoas que asistira ao cine polo menos unha vez na semana antes da enquisa, que se sitúa en Galicia no 4,5% (4,3% no ano anterior), punto e medio por baixo da media estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia segue presentando un dos graos de penetración máis baixos, tan só superior ao rexistrado Extremadura (3,1%).

En relación á **radio** e a **televisión**, en 2006 medra a audiencia acumulada diaria en Galicia, que se sitúa no 55,8% e o 87,9%, respectivamente (52,2% e 87,6% no ano anterior). Os datos recollidos no devandito **cadro 3.6.7.** amosan que Galicia é a novena CC.AA. con maior audiencia acumulada de radio en 2006, e a oitava no caso da televisión.

O consumo medio diario de radio da poboación galega aumenta no último ano, para acadar os 100 minutos (89 minutos no ano anterior) fronte aos 112 minutos de media do conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades, tan só Extremadura, con 87 minutos, e Murcia, con 96 minutos, presentan un consumo inferior ao galego.

No caso da televisión, o consumo medio diario ascende ata os 194 minutos (190 minutos no ano precedente) fronte aos 222 minutos de media en España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é segunda comunidade con menor consumo tras o País Vasco, con 196 minutos.

Finalmente, hai que facer mención ao uso de **internet** en Galicia. O grao de penetración en Galicia deste medio de comunicación -medido como a porcentaxe de usuarios no último mes antes da enquisa- sitúase no ano 2006 ata os 31,2% (25,1% no ano anterior). No conxunto do Estado, por contra, medra a porcentaxe de persoas maiores de catorce anos que usou internet nos últimos 30 días ata o 37,5% (34,4% en 2005). En relación ás outras CC.AA., Galicia sitúase tan só por diante de Castela-A Mancha e Extremadura. ■